



ACTA DA SESIÓN DA COMISIÓN DE VALORACIÓN DAS OFERTAS  
CELEBRADA O DÍA 30 DE MAIO DE 2014

Na Sala de Reunións da Área de Fomento no Concello de Vigo (2º andar), sendo as 10:30 horas do día 30 de maio de 2014, se reúne en sesión pública a Comisión encargada de seleccionar as ofertas para contratos menores de obras, segundo resolución do Concelleiro da Área de Fomento de data 30 de maio de 2013 e Decreto de Alcaldía de 20 de xuño de 2013.

A Comisión queda constituída coa asistencia dos seguintes membros:

**Presidente:** D. David Regades Fernández. Concelleiro da Área de Fomento e Transporte.

Previamente a apertura dos sobres, o Concelleiro da Área de Fomento e Transporte delega a súa representación no Asesor Xurídico da Área, por ter que ausentarse.

**Vogais:** D. Álvaro Crespo Casal. Xefe da Área de Fomento.  
D. José Rodríguez García. Asesor Xurídico da Área.

**Secretaria:** D<sup>a</sup>. Sonia Gómez Álvarez. Técnica de Xestión da Área de Fomento.

<b>EXPEDIENTE nº 2418/440</b>	Contrato menor de obras
Obxecto do contrato	Obras de reparación dos aleros da fachada Este do edificio do Concello de Vigo
Orzamento base de licitación (IVE incluído)	45.950,53 euros
Trámite	Apertura dos sobres que conteñen as ofertas económicas e documentación persoal

Se procede á apertura dos sobres que conteñen as ofertas presentadas para a obra de referencia, resultando as seguintes, ordenadas en función do prezo ofertado:

LICITADOR	OFERTA ECONÓMICA
MONTEROMAN EMPRESA CONSTRUCTORA, S.L.	25.990,80 €
ACEVI, S.L.	32.050,48 €
REHABILITACIONES Y CONSTRUCCIONES SAUDINO, S.L.	32.670,00 €
IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS, S.L.	32.827,06 €
GPD CONSTRUCCIONES S.A.	33.543,51 €
OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, S.A.	34.932,70 €
REFORVIGO, S.L.	35.138,34 €
ANLLAR CONSTRUCCIONES, S.L.	36.355,17 €
SERGONSA SERVICIOS, S.L.	36.379,03 €
PLYGEPE, S.L.	36.530,66 €
NATURGALIA, S.L.	37.510,00 €
ECOMIR ESTRUCTURAS, S.L.	39.052,75 €
COPCISA, S.A.	43.299,18 €
XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	45.950,53 €



A continuación e de acordo co previsto nas instrucións para a tramitación de contratos de obras menores na Área de Fomento, se procede do seguinte modo:

- 1º.- Cálculo da media aritmética das ofertas presentadas (35.873,586 euros).
- 2º.- Unha vez calculada, se resta un 10% á mesma, tendo como conclusión que aquelas ofertas que se encontren por debaixo deste umbral ou límite (32.286,227 euros) son rexeitadas.

Aplicando o sinalado no parágrafo anterior, se exclúen da clasificación por incluír valores anormais ou desproporcionados as ofertas correspondentes as mercantís que se citan a continuación:

- MONTEROMAN EMPRESA CONSTRUCTORA, S.L. Proposición económica: 25.990,80 euros.
- ACEVI, S.L. Proposición económica: 32.050,48 euros.

Resultando, polo tanto, que a mellor oferta das admitidas é a presentada pola mercantil REHABILITACIONES Y CONSTRUCCIONES SAUDINO, S.L., por un importe de 32.670,00 euros.

A continuación, a Comisión adoptou o seguinte acordo:

- 1º.- Publicar a presente acta no Perfil do Contratante da páxina Web municipal.
- 2º.- Remitir o expediente ao Servizo Xestor para que, previa comprobación da documentación persoal do licitador clasificado en primeiro lugar -REHABILITACIONES Y CONSTRUCCIONES SAUDINO, S.L.-, lle requira para que aporte xustificante de ter depositado na Tesourería Municipal garantía dun 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE, en calquera das formas previstas no artigo 96 do TRLCSP no prazo de 5 días hábiles contados a partir da notificación.

Se non o fixera entenderase que renuncia ao contrato, substituíndoo o licitador que teña presentado a seguinte oferta economicamente mais vantaxosa.

Constituída a garantía formalizárase o contrato conforme ao previsto no artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Finaliza a sesión ás 11:00 horas na data sinalada no encabezamento. E para que quede constancia do tratado, eu, a Secretaria, redacto a presente Acta da que dou fe.

O Presidente accidental  
e Vogal

Asdo.: D. José Rodríguez García

O Vogal

Asdo.: D. Álvaro Crespo Casal

A Secretaria

Asdo.: D<sup>a</sup> Sonia Gómez Álvarez

